

## **TITULO IV GASTOS DE PERSOAL**

### **CAPITULO 1º NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO**

#### **BASE 48ª: PERSOAL FUNCIONARIO**

1º.- A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario se axustará ás seguintes normas:

a) O Soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan ós diversos grupos de clasificación segundo a Lei 30/1984, se percibirán nas contías sinaladas ó efecto na Lei de Presupostos do Estado para 2015 e RDL 8/2012, de 20 de maio.

b) As retribucións complementarias se percibirán na contía establecida na Lei de Presupostos do Estado para 2015 e os niveis e complementos serán os indicados no Cadro de Persoal que obra no expediente do presuposto para 2015 e RDL 8/2012, de 20 de maio.

2º.- A cadro de persoal de funcionarios para o exercicio de 2015, figura no correspondente Anexo do Presuposto.

3º.- O importe de indemnizacións por razón do servizo será o sinalado pola normativa estatal aplicable.

4º O persoal funcionario ó servizo do Concello, exclusivamente, e logo da incorporación ó sistema xeral de prestación sanitaria da SS, terá dereito á Asistencia Sanitaria complementaria privada tal e como se estaba prestando ata de agora.

5º De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2015, se contempla unha consignación de 350,00 euros na partida 920.147 con destino a achega global do Plan de Pensións do Persoal.

### **CAPITULO 2º NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL**

#### **BASE 49ª: PERSOAL LABORAL**

O conxunto de retribucións a percibir polo persoal laboral ó servizo da Corporación no poderá experimentar un incremento superior ó que se fixa para o persoal funcionario.

Procederáse ao recoñecemento da antigüidade ó persoal laboral, de carácter indefinido, interino por obra ou servizo, ou temporal, en función do tempo traballado, que non a teña recoñecida, conforme ó establecido no artigo 15.6 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Esta antigüidade sortirá efectos económicos dende o acordo do seu recoñecemento, valorándose os trienios coas características e contías correspondentes aos grupos de persoal funcionario por equiparación a este fin, que se reflicten no correspondente anexo do expediente do orzamento do exercicio 2015.

Figura unida ó Presuposto a cadro de persoal e cadro de postos de traballo do persoal laboral, sendo as súas retribucións as establecidas en cada caso e que figuran na correspondente aplicación orzamentaria. Axustáronse, segundo Acordo cos representantes dos traballadores, as retribucións dos distintos postos de traballo con criterios de homoxeneidade e uniformidade das distintas categorías laborais. Por outra banda establecéronse, segundo Acordo cos representantes

dos traballadores, uns criterios de distribución da cantidade global establecida na partida 920.150 dos Orzamentos para aboar o complemento de produtividade, que ascende a 16.000,00 €, do xeito seguinte:

**a) Acumulación de funcións de dous postos de traballo**

A actividade e dedicación extraordinaria derivada da realización temporal das funcións atribuídas a outro posto de traballo distinto do o que esta adscrito e que se atope vacante ou o seu titular atópese ausente, por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados e sempre que resulten axeitadas a súa clasificación, grao ou categoría profesional.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas. Aboarase por importe equivalente do Complemento de Destino do posto acumulado no caso dos funcionarios e, no caso do persoal laboral, o importe non será inferior 106,20 euros por cada mes devengado.

En ningún caso será fixo na súa contía nin periódico no seu devengo, tendo carácter temporal durante o período que dure a causa que a orixina o sexa autorizado

**b) Desempeño de postos de superior categoría.**

O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular dará dereito no caso dos funcionarios a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estes efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración e, no caso de persoal laboral, por importe mínimo de 100 euros cada mes devengado.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas

**c) Por dispoñibilidade horaria e atención telefónica as 24 horas con turnicidade dos distintos operarios dos servizos básicos municipais, por un importe de 100,00 €/mes. por traballador.**

**d) Por dispoñibilidade horaria na realización das actividades do Arquitecto Municipal, por un importe de 205,00 €/mes.**

**e) Por dispoñibilidade especial da Traballadora Social, 52,73 €/mes.**

**f) Por actividades extraordinarias na realización de campañas, programas ou plans de mellora da eficiencia dos servizos públicos, concederanse un complemento de produtividade ó persoal que sirva para recompensar o esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas coxunturais polo importe que expresamente dispoña o Alcalde-Presidente.**

**g) Calquera outra produtividade que non teña causa na vixente requirirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación polo Alcalde-Presidente a proposta debidamente xustificada da Mesa de Negociación que acredite a necesidade e procedencia da súa asignación.**

En todo caso, todas as produtividades terán o límite temporal do exercicio orzamentario.

Non se contempla cantidade nos Orzamentos para Gratificacións, xa que segundo consta no Acordo cos representantes dos traballadores, compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada. No caso de que por circunstancias excepcionais que prevé o propio Acordo non fose posible a compensación e tiveran que ser aboadas, aboaranse aplicando o importe previsto para hora extraordinaria do correspondente grupo profesional para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado. Nese suposto será necesario dotar a consignación orzamentaria procedente. As gratificacións por servizos extraordinarios en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

### **CAPITULO 3º RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

#### **BASE 50. RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

1º) As retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación se rexerán polo disposto na lexislación vixente, establecéndose as seguintes:

PLENOS: 75 € XUNTAS DE GOBERNO: 50 € COMISIÓNS INFORMATIVAS: 50 €

Por Acordo do Pleno da Corporación, o Alcalde percibirá polo desempeño do cargo con dedicación exclusiva, unha retribución de 26.404,14 euros brutos anuais a repartir entre 14 mensualidades, a razón de 1.886,01 euros/mes.

Igualmente, por Acordo do Pleno da Corporación, a segundo Tenente de Alcalde, percibirá polo desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva parcial unha retribución de 11.347,28 euros brutos anuais a repartir entre 14 mensualidades, a razón de 810,52 euros/mes.

2º) Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fora do termo municipal, terán dereito a ser indemnizados mediante dietas de acordo coa seguinte contía: DIETA COMPLETA= 90 euros./día, MEDIA DIETA 45 euros/día.

3º) A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro recorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos se indemnizará polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

### **CAPÍTULO 4º DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

#### **BASE 51. DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 11/99 de 21 de abril de modificación da mesma e da lei 57/2003 de 16 de decembro, establece unha asignación económica ós distintos Grupos Políticos da Corporación da seguintes maneira (asignación acordada no acordo de aprobación inicial que tivo lugar no pleno celebrado o día 24 de xullo de 2012)

- Compoñente fixo por grupo: 91,8 euros ó mes.
- Compoñente variable: 51 euros anuais por concelleiro.

Esta dotación económica non poderá destinarse polos Grupos Políticos ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación nin adquisición de bens que poidan constituír activos fixo de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire esta base que poñerán á disposición do pleno da Corporación sempre que este o requira.